



2 Galicia disporá este ano de preto de 4 millóns máis para mellorar a empregabilidade dos parados de longa duración



10 A Xunta de Galicia expón na Unión Europea as novas medidas de impulso social para o vindeiro ano 2016

3 Conde destaca que a Xunta está a reforzar as medidas para o emprego xuvenil e parados de longa duración e potenciando os plans de igualdade

16 A Xunta aproba a Estratexia de discapacidade 2015-2020, que consigna 800 M€ para afondar na atención social, laboral e sanitaria das persoas con discapacidade

8 Informe do paro rexistrado

Galicia suma 25 meses consecutivos de baixada interanual do paro rexistrado

20 Publicacións

Catálogo de publicacións na web

Sumario

Traballo	2-9	Xuventude e voluntariado	18-19
Informe do paro rexistrado	8-9	Publicacións	20-21
Política social	12-19	Normativa	22-28

Créditos

Edita: Consellería de Traballo e Benestar (ver disposición transitoria primeira do Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia) (DOG Núm.194 do 09.09.2015).

Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas

Coordinación: Pepa Dabán Royo.

Maquetación: Antonio Lameiro Ces

ISSN: 2254-7835





O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, xunto á nova secretaria xeral de Emprego, Covadonga Toca, participou hoxe en Madrid na LXI Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais

Galicia disporá este ano de preto de 4 millóns máis para mellorar a empregabilidade dos parados de longa duración

- ▶ O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, xunto coa nova secretaria xeral de Emprego, Covadonga Toca, participou en Madrid na LXI Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais
- ▶ Destacou que os 4 millóns de euros se suman aos 10 millóns que Galicia, no marco do Programa extraordinario de activación para o emprego, está executando este exercicio e están destinados a parados de longa duración con cargas familiares que non están a recibir ningún tipo de prestación
- ▶ O obxectivo desta iniciativa é ofrecer aos seus beneficiarios orientación, formación, recualificación e recoñecemento da experiencia laboral, ao tempo que perciben a axuda económica aprobada polo Estado

Madrid, 3 de novembro de 2015.- Galicia contará este ano con 4 millóns de euros máis para mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas na Comunidade, con especial fincapé nos parados de longa duración con cargas familiares e que non perciben ningún tipo de prestación, a través do Programa extraordinario de activación para o Emprego (PAE).

Así o destacou en Madrid o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, ao remate da xuntanza da LXI Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais. O titular do departamento autonómico explicou, con respecto ao Programa extraordinario de activación para o emprego, que Galicia xa está executando 10 millóns de euros, lembrando que foi a primeira

Comunidade en poñer en marcha medidas complementarias para mellorar a empregabilidade dos parados de longa duración.

Obxectivo do PAE

O obxectivo do Programa extraordinario de activación para o emprego (PAE) é ofrecer aos seus beneficiarios un contido específico de orientación, formación, recualificación e recoñecemento da experiencia laboral, ao tempo que estas persoas perciben a axuda económica aprobada polo Estado. “Estamos marcando esas prioridades en colaboración co Goberno central, dando pasos na loita contra o desemprego e buscando oportunidades para os nosos desempregados”, apuntou Conde.

En Galicia, segundo sinalou o conselleiro, xa se están a desenvolver diversas actuacións no marco deste programa como son o fomento do emprego a través dos plans de cooperación e contratación de orientadores; axudas para accións formativas; e incentivos para a contratación por conta allea.

Desta forma, afirmou que o Goberno galego segue avanzando, en colaboración co Estado, nas prioridades da Xunta na mellora da empregabilidade, que están centradas nos desempregados de longa duración, de menores de 30 anos e colectivos en risco de exclusión.

Formación profesional

Así mesmo, o titular de Economía, Emprego e Industria salientou o real decreto presentado polo Goberno central sobre formación profesional, que agora pasará a ser analizado polas comunidades autónomas. A formación, salientou Conde, trátase dun aspecto prioritario dentro das políticas de emprego, configurándose como “un elemento determinante para a inserción laboral dos nosos traballadores”.

Conde destaca que a Xunta está a reforzar as medidas para o emprego xuvenil e parados de longa duración e potenciando os plans de igualdade

- ▶ O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, destacou no Parlamento que Galicia está “na senda da recuperación” asegurando que os indicadores do mercado laboral reflicten “unha situación mellor que hai 5 anos”
- ▶ Sinalou que a prioridade do Goberno galego é seguir apoiando os colectivos con máis necesidades como son os desempregados de longa duración, os menores de 30 anos e as persoas en risco de exclusión

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2015.- A Consellería de Economía, Emprego e Industria continúa no seu labor de fortalecer o tecido económico e social de Galicia potenciando diversas medidas para mellorar o mercado laboral como son o fomento dos plans de igualdade con axudas ás empresas e o reforzo de medidas para mellorar a situación das persoas desempregadas de longa duración e menores de 30 anos.

Así o destacou o titular do departamento autonómico, Francisco Conde, no Parlamento de Galicia, onde afirmou que Galicia está “na senda da recuperación”. Por iso, sinalou que a Xunta está a reforzar o apoio á industria galega e ás pequenas e medianas empresas para crear máis emprego neto e procurar un maior poder adquisitivo e benestar para os traballadores e traballadoras galegos. Neste senso, indicou que a Consellería seguirá a manter “unha especial atención” sobre os colectivos que presentan maiores dificultades como son os desempregados de longa duración, os menores de 30 anos e as persoas en risco de exclusión, e continuará mellorando a igualdade de xénero.

Con respecto aos parados de longa duración con cargas familiares e que non perciben ningún tipo de prestación, Conde asegurou que se están a reforzar actuacións como a orientación, formación, experiencia laboral e axudas para a súa contratación,

ao tempo que lembrou que Galicia foi a primeira Comunidade en poñer en marcha medidas complementarias para este colectivo que hoxe acadan preto dos 14 millóns de euros para 2015.

Así mesmo, o titular de Economía resaltou que as actuacións para o estímulo do emprego xuvenil continuarán co programa de incentivos á contratación de mozos desempregados; a orde de axudas para o fomento do traballo autónomo entre os menores de 30 anos; e con iniciativas para incidir na formación dual. Lembrou, ademais, que a Xunta asume desde o mes de setembro o 100 por cento do custo salarial durante 2 anos dos mozos que sexan contratados por unha empresa de maneira indefinida.

Conde tamén fixo referencia ao emprego feminino e á igualdade de xénero, sinalando que a Xunta está a manter a discriminación positiva nas políticas activas de emprego, ao tempo que avanzou que potenciará os plans de igualdade con máis axudas ás empresas e solicitará máis colaboración á Comisión para a Igualdade de Mulleres e Homes na negociación colectiva para velar polo cumprimento da legalidade e o estímulo das mesmas oportunidades.

Ademais, o conselleiro afirmou que o Goberno galego seguirá apoiando as empresas e autónomos e seguirá do lado dos axentes sociais para que “os galegos e galegas que busquen un emprego ou mellorar as súas condicións laborais atopen unha resposta”. Neste senso, asegurou que, aínda que queda moito por facer, os indicadores do mercado laboral galego reflicten unha situación mellor que hai 5 anos e que o comportamento da Comunidade é máis favorable que no conxunto do Estado.

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Contidos_Estandar/programa_activacion_empleo.pdf



http://www.sepe.es/contenidos/personas/prestaciones/he_dejado_cobrar_paro/program_activacion_empleo.html



<http://garantiajuvenil.xunta.es/gaxuve/gl/>



Conde avalía con Cegasal medidas conxuntas para continuar a impulsar o acceso ao mercado laboral dos traballadores con discapacidade

- ▶ No marco da rolda de contactos cos principais axentes económicos e sociais o conselleiro de Economía, Emprego e Industria mantivo un encontro con José Vázquez Freire, presidente da Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro
- ▶ A asociación integra a empresas de diferentes sectores que facilitan a integración laboral.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2015.-

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, mantivo un encontro con José Vázquez Freire, presidente da Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro (Cegasal) no marco da rolda de contactos cos principais axentes económicos e sociais para escoitar as diferentes achegas e definir novas medidas para continuar a crear emprego estable e de calidade en Galicia.

No encontro, Francisco Conde iniciou na necesidade de seguir traballando desde a unidade de acción para impulsar o acceso ao

mercado laboral dos traballadores con discapacidade, e escoitou as propostas neste eido de Cegasal. A asociación integra a empresas de diferentes sectores que proporcionan aos traballadores con discapacidade a oportunidade de realizar un traballo produtivo e remunerado, axeitado ás súas características persoais e que facilite a súa integración laboral.

A inserción laboral das persoas con discapacidade e en risco de exclusión social é un dos principais eixos de actuación en materia de emprego da Consellería que dirixe Francisco Conde, que para o vindeiro 2016 destina un 5% máis de recursos a este eido.



O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, mantivo un encontro con José Vázquez Freire, presidente da Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro (Cegasal). Autor: Xoán Crespo

<http://cegasal.com/>



Conde pon en valor o papel do Consello Galego de Relacións Laborais no novo contexto económico como panca para “acadar máis e mellor emprego”

- ▶ O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, participou en Santiago no pleno extraordinario do Consello
- ▶ Fixo un recoñecemento ao labor do CGRL tanto no seu papel como órgano consultivo como na resolución extraxudicial de conflitos, a negociación colectiva e o fomento do diálogo social
- ▶ Resaltou que o novo contexto económico esixe intensificar as relacións laborais e a negociación colectiva

Santiago de Compostela, 30 novembro de 2015.-

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, puxo en valor o papel do Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL) no novo contexto económico como panca para “acadar máis e mellor emprego”. Conde participou no pleno extraordinario do Consello, onde fixo un recoñecemento ao labor do CGRL tanto no seu papel como órgano consultivo, na resolución extraxudicial de conflitos, a negociación colectiva e o fomento do diálogo social.

Precisamente, Conde sinalou todas estas funcións como clave para o novo ciclo económico, en tanto que, resaltou, o novo contexto esixe intensificar as relacións laborais e a negociación colectiva. Neste senso, Conde destacou a importancia do diálogo e o consenso nesta etapa de recuperación, polo que animou ao Consello Galego de Relacións Laborais a seguir a traballar co obxectivo claro de mellorar a relación entre empresas e traballadores, consolidando “o diálogo social como valor

fundamental da cultura laboral galega”.

Conde apelou ademais á necesidade de seguir impulsando a competitividade das empresas galegas a través da mellora das condicións laborais e avanzar na procura real da conciliación laboral e familiar no ámbito da negociación colectiva.

Así mesmo, o conselleiro animou aos membros deste

Consello a seguir colaborando cos profesionais de relacións laborais das empresas e dos asesores sindicais que contribúen a resolver conflitos. Por último, o conselleiro resaltou o labor clave que xoga nos eidos laborais máis conflictivos, xa que “nas situacións máis complexas converteuse nun gran mediador, nun árbitro aceptado por todas as partes e nunha gran ferramenta para a concertación”.

<http://cgrl.xunta.es/>



Feijóo sinala que a Lei de economía social fomenta a creación de cooperativas e outras fórmulas de asociación simplificando os trámites e facilitando o seu financiamento

- ▶ Xesgalicia abrirá unha liña de financiamento de 5 millóns de euros para reforzar as estruturas destas entidades, especialmente no eido rural
- ▶ Impulsa especialmente as cooperativas xuvenís, para as que rebaixa os requisitos para a súa constitución
- ▶ Contempla a creación do Consello da Economía Social de Galicia, formado por 26 membros
- ▶ A lei prevé a inclusión da economía social nos plans de estudos
- ▶ O presidente afirma que a Lei continúa e amplía o noso esforzo para impulsar o cooperativismo e a economía social.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2015.-

O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, anunciou que o Consello da Xunta aprobou o proxecto de Lei de economía social, que fomenta a creación de cooperativas e outras fórmulas de asociación simplificando os trámites e habilitando liñas de financiamento específicas que complementen as que xa existen.

Para facer máis sinxelo o papelo, Feijóo adiantou que se está a elaborar unha aplicación informática que permitirá facer todos os trámites do rexistro desde a casa. Para facilitar o seu financiamento, promoveremos instrumentos como programas de microcréditos e fondos de capital risco, como unha nova liña de 5 millóns de euros impulsada por Xesgalicia que permitirá reforzar as estruturas das entidades da economía social, especialmente no eido rural.

Ademais, como recalcou, esta lei céntrase no impulso dunha figura que pensamos que debemos potenciar: a cooperativa xuvenil. Esta regulación completa as liñas de axudas (de ata 15.000 euros) que xa se viñan convocando desde 2014 para fomentar este tipo de emprendemento. O texto reduce ata 300 euros o capital social mínimo para que mozas e mozos de entre 16 e 29 anos formen unha cooperativa —nos casos ordinarios é de 3.000 euros— e permite que se constitúan en documento privado, o que lles permite aforrar gastos notariais.

Mellora a súa representación

A Lei de economía social mellorará tamén a representación das entidades que forman este sector: cooperativas, sociedades laborais, asociacións e fundacións con actividade económica, comunidades de montes veciñais en man común (unha achega singular desta lei), confrarías de pescadores, sociedades agrarias de transformación, empresas de inserción e centros especiais de emprego. Con este fin, segundo dixo Feijóo, elaborárase un catálogo no que se recollan as 7.000 entidades que engloba a economía social.

Un dos obxectivos da lei é o impulso de estruturas representativas e de presenza institucional, tal e como explicou o presidente. Para isto prevé a creación do Consello da Economía Social de Galicia, formado por 26 membros, entre representantes da economía social, da Xunta de Galicia, dos sindicatos, das organizacións empresariais, da Fegamp e das universidades galegas.

As funcións deste Consello da Economía Social serán as seguintes: elaborar estudos, informes e propostas; formular propostas de incorporación ou exclusión no catálogo de entidades de economía social; promover e dinamizar a cooperación empresarial; colaborar na integración da economía social nas políticas públicas de creación de emprego,

de fomento do emprendemento e de desenvolvemento local e rural; e velar pola promoción e pola axeitada aplicación dos principios da economía social e da Lei.

Ademais, estableceranse mecanismos de coordinación entre este novo organismo e o Consello galego de cooperativas e facilitarase a presenza da economía social noutros entes como o Consello Económico e Social, o Consello Agrario Galego, e o Consello Galego de Economía e Competitividade.

Fomentar o seu carácter social

O terceiro grande obxectivo da Lei é o fomento do carácter social das entidades ás que vai dirixida. Por unha banda, segundo indicou o xefe do Executivo galego, inclúe medidas para propiciar

que se coñezan e valoren, como a introdución da economía social nos plans de estudos.

Por outra banda, implantaranse medidas para estimular estas entidades e os seus valores sociais. Así, favorecerase que participe nas políticas activas de emprego e promoverá a introdución de cláusulas sociais que favorezan a participación destas entidades na contratación pública.

Feijóo indicou que este proxecto de lei, comeza a súa tramitación parlamentaria, tras recibir 12 alegacións e obter o visto e prace do Consello Económico Social. En definitiva, o texto recoñece o peso das 7.000 entidades que existen en Galicia vinculadas a este sector; facilita o seu financiamento; e introduce a economía social na educación pública.

<http://traballo.xunta.es/portada-cooperativismo-e-economia-social>



<http://www.xesgalicia.gal/>



Conde destaca que a formación tecnolóxica dos traballadores será clave para adaptar Galicia á industria 4.0

- ▶ O conselleiro de Economía, Emprego e Industria participou no encontro “Vuelve el mundo que viene”, organizada pola Asociación para el Progreso de la Dirección no marco do programa Capacita, e que contou con representantes de empresas como Google ou LinkedIn
- ▶ Subliña a aposta polas TICs como tecnoloxía transversal que impulsen a implantación en Galicia da fábrica intelixente, a partir de medidas como o concurso de ideas para proxectos piloto sobre o novo modelo de factoría, ou o programa de apoios Fabricación Avanzada 4.0
- ▶ Subliña que “só seremos capaces de adaptarnos ao cambio se contamos cun sector produtivo aliñado coas necesidades e valores da sociedade”.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2015. O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, destacou que a formación tecnolóxica dos traballadores será clave para que Galicia se adapte á Industria 4.0, que pivota en torno á implantación da fábrica intelixente. Conde participou na xornada Vuelve el mundo que viene, organizada pola Asociación para el Progreso de la Dirección no marco do programa da Xunta Capacita, e que contou con representantes de empresas como Google, General Electric ou LinkedIn, ademais de institucións como o Real Instituto Elcano.

Conde subliñou os “cambios disruptivos que están a piques de modificar a nosa economía, e con ela o noso tecido industrial”, a sinalou a necesidade de investir en talento e novas tecnoloxías para “non só adaptarse ao cambio, senón lideralo”. Galicia conta con varios programas de formación no eido da industria, que suman este ano 1.785 alumnos, aos que se sumarán novas iniciativas especialmente enfocadas á Industria 4.0. Neste senso, Conde resaltou que estas iniciativas formativas permitirán a “actualización dos traballadores das empresas galegas en ámbitos clave da Industria 4.0”, como robótica, sensorización, análise de datos, materiais avanzados, ou sistemas ciberfísicos, que complementan outros esforzos da administración como o impulso da Formación Profesional Dual.

Enmarcados na Axenda da Competitividade Galicia-Industria 4.0, que busca que a industria galega alcance o 20% do PIB e sume 50.000 novos empregos en 2020, estes programas se completarán con outras iniciativas que buscan, de forma paralela, reforzar a innovación e o papel das TICs na adaptación a estes cambios. Neste senso, Conde lembrou que pronto se porán en marcha iniciativas como o concurso de ideas no que a Xunta elixirá a 4 proxectos piloto relacionados coa factoría intelixente, apoiándoos con 4 millóns de euros; e o programa Fabricación Avanzada 4.0, para implantar directamente as tecnoloxías necesarias nas pemes.

Conde resaltou tamén que “só seremos capaces de adaptarnos ao cambio se contamos cun sector produtivo aliñado coas necesidades e valores da sociedade”, e destacou a aposta da Xunta pola RSE, que vén de reforzarse coa primeira lonxa de investimento responsable, que suma 12 proxectos de emprendemento aliñados con valores como a responsabilidade ambiental e social.

Factoría, loxística, enerxía e produtos intelixentes

Unha revolución que, sinalou o conselleiro, se apoia sobre varios eixes: en primeiro lugar, a integración vertical de sistemas de produción intelixentes, que inclúe a fábrica intelixente, na que unha revolución transversal nos sistemas TIC permite unha conectividade inédita para



http://ceei.xunta.gal/recursos/iniciativas?content=/Portal-CEI/unidades-informacion/iniciativas/iniciativa_00227.html




reducir o os ciclos de innovación e os fallos na cadea de produción; a loxística intelixente; as redes intelixentes de enerxía; e os produtos intelixentes, capaces de comunicarse e interactuar co exterior.

O segundo eixe consistiría na a integración horizontal dunha nova xeración de redes globais de creación de valor, marcada pola colaboración entre empresas, que se adaptan de forma coordinada ás especificacións que esixe o consumidor.

E como terceira fronte, Conde destacou a reenxeñería de toda a cadea de valor e do ciclo de vida dun produto, grazas á aceleración de tecnoloxías novas ou que xa existían, como os avances en intelixencia artificial e conectividade, desembocando na chamado internet das cousas; a robótica avanzada; os novos sensores; os avances en virtualización; a impresión en 3D; e o Big Data.

<http://www.igape.es/gl/ser-mais-competitivo/galiciaindustria4-0>



A Xunta traballa no reforzo das actuacións centradas na seguridade e saúde laboral nas pemes e microempresas galegas

- ▶ A secretaria xeral de Emprego, Covadonga Toca Carús, participou en Vigo na apertura das XXII Xornadas da Sociedade Galega de Prevención de Riscos Laborais e das terceiras da Sociedade Galega de Medicina no Traballo
- ▶ Toca destacou que a Xunta está a intensificar as actuacións no eido da seguridade laboral con colectivos específicos, como mozos, traballadores de idade avanzada, embarazadas, persoas con discapacidade ou sensibles a determinados riscos
- ▶ Avoga pola redución de trastornos musculoesqueléticos e o fomento da cultura da saúde e prevención a través das novas tecnoloxías.

Vigo, 19 de novembro de 2015. A Xunta está a traballar no reforzo das actuacións de seguridade e saúde en pequenas e medianas empresas (Pemes) e microempresas fomentando a constitución de servizos de prevención propios e mancomunados, e reforzando actuacións de formación en prevención de riscos laborais destinadas aos traballadores e traballadoras.

A secretaria xeral de Emprego, Covadonga Toca Carús, destacou, na apertura en Vigo das XXII Xornadas da Sociedade Galega de Prevención de Riscos Laborais (SGPRL) e das terceiras da Sociedade Galega de Medicina no Traballo (Soga-metra), a importancia que ten seguir apostando por reforzar as actuacións dirixidas a mellorar a seguridade e saúde laboral dos galegos e galegas.

Así, neste senso, Toca indicou que a Xunta está a poñer o acento no estudo dos riscos emerxentes e as súas causas, ao tempo que intensificará a través de campañas de sensibilización as actuacións con colectivos específicos, como mozos e mozas, traballadores e traballadoras de idade avanzada, embarazadas, persoas con discapacidade ou aquelas especialmente sensibles a determinados riscos.

Ademais, sinalou que entre as principais preocupacións están a redución dos trastornos musculoesqueléticos, que son os que máis afectan á calidade de vida dos traballadores e traballadoras, e destacou a

importancia de seguir reforzando a coordinación entre administracións, prevendo mecanismos de intercambio de información entre o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral e os departamentos con competencias en materia sanitaria, industrial e mineira, e educativa. “O fin é obter unha maior eficacia e eficiencia nas actuacións que se realizan”, apuntou a secretaria xeral. En xeral, o que se pretende é fomentar unha cultura da saúde e da prevención, aproveitando as novas tecnoloxías.

Todas estas medidas estanse a unificar na Estratexia galega de seguridade e saúde no traballo 2016-2020, que está a ultimar o Goberno galego. “O seu resultado final será o froito do consenso e a concertación”, subliñou Toca.

Por outra banda, a secretaria xeral de Emprego destacou na súa intervención nas xornadas que o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria, vén de recibir a Cruz de Honra da Seguridade e Saúde no Traballo que lle concedeu o Consello Xeral de Profesionais de Seguridade e Saúde no Traballo. Trátase, segundo explicou Toca, dun premio que supón “un recoñecemento ao intenso labor técnico realizado polo Instituto durante os últimos anos”.

Por último, a responsable da área autonómica sinalou a importancia da formación en prevención de riscos laborais en todas



as etapas do sistema educativo e, neste senso, resaltou que o ISSGA vén de asinar un convenio de cooperación educativa coas tres universidades galegas para que os alumnos e alumnas do máster universitario en prevención de riscos laborais poidan realizar prácticas académicas externas nos centros territoriais do Instituto.

As xornadas

As XXII Xornadas da Sociedade Galega de Prevención de Riscos Laborais e as III Xornadas da Sociedade Galega de Medicina do Traballo celébranse ata mañá na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Vigo. A actividade está dirixida a técnicos

de prevención de riscos laborais, persoal da Administración, delegadas de prevención, médicos, enfermeiros, responsables de Recursos Humanos, directivos de empresas, sindicatos e demais persoas relacionadas co ámbito da seguridade e saúde no traballo. O ISSGA colabora un ano máis con este evento organizando a conferencia inaugural ‘O risco químico e a súa avaliación. Problemática e experiencias prácticas’ e participando na mesa redonda ‘Promoción da saúde no traballo: rede de empresas saudables’. No acto de clausura intervirá o subdirector xeral técnico e de planificación do Instituto, Fernando González Abeijón.

<http://issga.xunta.es/portal/index.html>



Informe do paro rexistrado

Galicia volve a niveis de desemprego inferiores aos de outubro do ano 2010

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2015.- Galicia pechou o mes de novembro cun total de 225.158 persoas desempregadas, o que supón un incremento do 1,38 por cento (+3.066) con respecto ao mes de outubro. A secretaria xeral de Emprego, Covadonga Toca, destacou que “aínda que a valoración intermensual non é positiva, algo habitual no mes de novembro, Galicia mantén a boa evolución interanual do paro rexistrado”.

Neste senso, na evolución interanual –de novembro a novembro-, a Comunidade autónoma contou con 23.474 desempregados menos que hai un ano, o que representa unha baixada do 9,44 por cento. Toca subliñou que “levamos algo máis de dous anos de descensos

interanuais consecutivos”, en concreto, 25 meses seguidos, ao tempo que resaltou que é o terceiro ano consecutivo no que se reduce o paro rexistrado nun mes de novembro de xeito interanual. “Estes datos demostran o cambio de tendencia na evolución do paro rexistrado e supón, polo tanto, unha mellora progresiva do comportamento do mercado laboral”.

Grazas a esta evolución, a secretaria xeral de Emprego subliñou que “Galicia volve a niveis de paro inferiores aos de hai cinco anos”. De feito, estes datos interanuais constitúen a maior redución interanual dun mes de novembro en termos absolutos de toda a serie histórica –estadísticas publicadas desde 1996-.

A distribución do paro rexistrado por provincias é a seguinte:

	Total	Variación mensual		Variación anual	
		Absoluta	Relativa	Absoluta	Relativa
A Coruña	88.189	1.674	1,93	-9.329	-9,57
Lugo	22.391	784	3,63	-2.291	-9,28
Ourense	25.082	849	3,50	-2.169	-7,96
Pontevedra	89.496	-241	-0,27	-9.685	-9,76
Galicia	225.158	3.066	1,38	-23.474	-9,44
España	4.149.298	-27.071	-0,65	-362.818	-8,04

A distribución do paro rexistrado por sexos e provincias é a seguinte:

	Homes	Mulleres	TOTAL
A Coruña	40.226	47.963	88.189
Lugo	10.843	11.548	22.391
Ourense	11.433	13.649	25.082
Pontevedra	40.207	49.289	89.496
Galicia	102.709	122.449	225.158
España	1.872.500	2.276.798	4.149.298

A distribución do paro rexistrado por idade e provincias é a seguinte:

	Menores de 25 anos	Maiores de 25 anos	TOTAL
A Coruña	4.306	83.883	88.189
Lugo	1.251	21.140	22.391
Ourense	1.454	23.628	25.082
Pontevedra	4.617	84.879	89.496
Galicia	11.628	213.530	225.158
España	367.147	3.782.151	4.149.298

Ademais, Toca resaltou que o paro rexistrado presentou un comportamento mellor que o Estado en termos interanuais cunha diferenza de 1,4 puntos con respecto á media nacional. Así, en termos interanuais, o paro en España baixou nun -8,04%, mentres que en Galicia o descenso foi do -9,44 por cento. Deste xeito, a secretaria xeral indicou que “Galicia sitúase por riba da media estatal a nivel interanual”. No Estado o número de persoas sen emprego situouse en 4.149.298.

Por sectores, o incremento do paro concéntrase de novo no sector servizos (+1.747). A continuación sitúase, aínda que con diferenza, a construción (+426), seguida pola agricultura e a pesca (+392), a

industria (+251) e o colectivo sen emprego anterior (+250).

Por provincias, o desemprego subiu en todas elas, agás en Pontevedra, onde diminuíu en termos absolutos 241 persoas, un 0,27 por cento menos que no mes anterior. Na Coruña aumentou en 1.674 persoas, seguida de Ourense con 849 persoas máis e de Lugo con 784.


Na evolución dos contratos, é preciso sinalar que a afiliación interanual aumentou nun 2,20 por cento, isto é, 20.470 afiliacións máis, o que representan vinte subidas consecutivas desde o mes de abril de 2014 nas que Galicia rexistra unha interanual positiva. “O crecemento estase a consolidar”, rematou Toca.

A distribución do paro rexistrado por comunidades autónomas é a seguinte:



	Total	Variación mensual		Variación anual	
		Absoluta	Relativa	Absoluta	Relativa
Andalucía	990.040	-17.900	-1,78	-44.544	-4,31
Aragón	91.119	-698	-0,76	-12.546	-12,10
Asturias	91.974	243	0,26	-6.082	-6,20
Illes Balears	77.187	9.843	14,62	-7.124	-8,45
Canarias	248.639	1.477	0,60	-16.746	-6,31
Cantabria	49.249	503	1,03	-1.677	-3,29
Castilla-La Mancha	221.335	-1.824	-0,82	-17.035	-7,15
Castilla y León	202.036	209	0,10	-19.541	-8,82
Catalunya	521.660	-1.868	-0,36	-59.992	-10,31
Valencia	467.035	-9.807	-2,06	-55.068	-10,55
Extremadura	131.297	-1.260	-0,95	-9.143	-6,51
Galicia	225.158	3.066	1,38	-23.474	-9,44
Madrid	461.636	-4.678	-1,00	-50.541	-9,87
Murcia	130.333	-1.191	-0,91	-12.318	-8,64
Navarra	41.946	-50	-0,12	-5.560	-11,70
País Vasco	151.865	-2.734	-1,77	-16.864	-9,99
La Rioja	21.691	287	1,34	-3.429	-13,65
Ceuta	12.768	-85	-0,66	-137	-1,06
Melilla	12.330	-604	-4,67	-997	-7,48
TOTAL	4.149.298	-27.071	-0,65	-362.818	-8,04

Fonte: SEPE, 2015. Ministerio de Empleo y Seguridad Social

Evolución do paro:



VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO EN GALICIA
(Mes en curso – igual mes do ano anterior)



VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO POR CCAA
(Novembro 2014 - Novembro 2015)



O presidente da Xunta, na toma de posesión dos novos conselleiros e conselleiras
Autor: Ana Varela

A Xunta de Galicia expón na Unión Europea as novas medidas de impulso social para o vindeiro ano 2016

- Rey Varela defendeu que a cuestión demográfica forme parte da nova programación de fondos europeos porque “non só é un tema prioritario e que afecte exclusivamente a Galicia como nos últimos 40 anos, senón que é común a toda a Unión Europea”
- Ademais da revitalización da poboación, a axenda de temas abordados hoxe en Bruxelas incluíu novos programas dirixidos ás persoas maiores e á mocidade para a eliminación de barreiras arquitectónicas e o mantemento e difusión de contornos naturais galegos de especial valor medioambiental.

Bruxelas, 23 de novembro de 2015.- A Xunta de Galicia defende na Unión Europea (UE) a nova axenda social e de revitalización da poboación que a Consellería de Política Social desenvolverá ao longo do vindeiro ano 2016. O conselleiro José Manuel Rey Varela expuxo no Consello de Educación, Xuventude e Deporte da Representación Permanente de España (REPER) e ante o director xeral de Emprego, asuntos sociais e

inclusión, Zoltan Kazatsay, os novos proxectos do Goberno galego en materia demográfica, maiores e xuventude, e onde fixo fincapé na necesidade de que a cuestión demográfica forme parte da nova programación de fondos europeos. Ademais da comparecencia ante o REPER e da xuntanza de traballo con Kazatsay, a axenda do conselleiro inclúe unha reunión con Anne-Shopie Parent, secretaria xeral de AGE-Platform Europe,

rede europea formada por máis de 150 organizacións que busca promover os intereses das persoas maiores que viven en Europa.

O titular autonómico de Política Social manifestou que o impulso demográfico “non só é un tema prioritario e que afecte exclusivamente a Galicia como nos últimos 40 anos, senón que é común a toda a Unión Europea”. Ao respecto, sinalou que mentres que na nosa Comunidade a taxa de fertilidade sitúase en 1,07 fillos por muller, en España esta é de 1,32 e en Europa de 1,56, segundo cifras da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE). Ante esta situación, indicou que “Galicia pretende liderar ás rexións que consideran que esta cuestión

debe entrar dunha maneira directa na axenda comunitaria, con máis fondos europeos destinados a garantir unhas mellores condicións demográficas e de fomento da natalidade”.

Neste sentido, e no que atinxe a medidas en materia de demografía que forman parte da nova axenda social, Rey Varela lembrou as axudas directas de 100 euros mensuais aos pais e nais por nacemento de fillo ou filla que a Xunta concederá a partir do 1 de xaneiro de 2016; así como outras iniciativas para favorecer a conciliación tanto no contorno urbano como nas parroquias do rural e que pasan polo aumento en máis de 1.400 as prazas públicas en escolas públicos ou polo bono coidado no rural e as casas niño. “O Goberno

galego será sensible ás necesidades dos pais e nais que decidan dar o paso e ter un fillo ou filla, acompañándoos con novas axudas e servizos que contribúan tanto a cubrir os gastos básicos que trae consigo o primeiro ano de vida dun bebe como a facer máis doada a conciliación da vida familiar e laboral”.

Maiores e xuventude

Ademais da cuestión do impulso demográfico, o responsable de Política Social levou á Unión Europea os programas e proxectos da Xunta de Galicia dirixidos ás persoas maiores e á mocidade. Así, a Xunta retomará en 2016 a liña de axudas enfocadas á promoción da autonomía persoal mediante a adaptación das vivendas de persoas maiores con mobilidade reducida ou con diferentes graos de discapacidade.

“A finalidade é que esas persoas poidan seguir vivindo no seu contorno, evitando o seu illamento”.

Por outra parte, Galicia ostenta en materia de xuventude o liderado das Comunidades Autónomas en representación de España na Unión Europea. Neste ámbito, a Consellería levou a Bruxelas unha iniciativa de dinamización do medio rural entre a mocidade e un programa de voluntariado ambiental centrado na integración ambiental en zonas do territorio galego que teñan un gran valor natural e medioambiental, co obxectivo de fomentar a súa conservación e mantemento, así como o seu coñecemento a nivel europeo. A integración do colectivo inmigrante foi outra das cuestións abordadas polo conselleiro de Política Social durante a súa estadia en Bruxelas.

<http://proxectosymbios.eu/es/content/inicio>



<http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu/>



José Manuel Rey Varela avanza en novos contactos cos representantes locais para acadar unha mellora da política social en Galicia

- José Manuel Rey Varela deu conta das resolucións de axudas do programa “Montaña en Familia” para estadias de fin de semana na estación de Manzaneda. En total beneficiáranse 65 familias, o que supón 163 adultos e 152 menores
- O titular de Política Social tamén abordou coa directiva de AGAFAN o novo impulso que o Goberno galego dará o vindeiro ano á familia, infancia e conciliación con medidas como as axudas directas aos pais e nais por nacemento ou a ampliación do bono conciliación.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2015.- A Consellería de Política Social insiste na súa liña de diálogo coas demais administracións públicas de Galicia para xuntar esforzos no ámbito social e acadar melloras que beneficien á totalidade da poboación. Neste sentido, o conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, mantivo dúas xuntanzas de traballo no día de hoxe co alcalde de Bande (Ourense), José Antonio Armada Pérez, e mais o alcalde de Portomarín (Lugo), Juan Carlos Serrano López.

Nas reunións que tiveron lugar no despacho do conselleiro en San Caetano, os rexedores galegos abordaron a temática social de cadanseu concello e avanzaron, xunto ao titular de Política Social, novas vías de colaboración coa Xunta de Galicia para mellorar tanto as infraestruturas

sociais como os servizos de atención aos cidadáns.

Sectores de poboación como a infancia, os maiores ou os máis necesitados foron algúns dos piares das conversas que mantiveron os responsables políticos que coincidiron na importancia da cooperación entre ambas institucións públicas para optimizar os recursos locais e autonómicos. En particular, Rey Varela e o alcalde de Portomarín avanzaron na realización dun convenio de colaboración para o vindeiro curso 2016-2017 para a creación dunha serie de apartamentos tutelados que beneficien a aquelas persoas en situación de dependencia. Pola súa banda, o rexedor de Bande trasladou ao responsable das políticas sociais da Xunta de Galicia a posibilidade de implementar novos servizos para potenciar o Centro de Día deste municipio ourensán.

O conselleiro de Política Social promete traballo sen descanso para que “todos os nenos teñan familia pero tamén para que todas as familias que así o desexen teñan nenos”

- ▶ Salienta o acollemento como “unha das prioridades da Consellería de Política Social” por ser “unha alternativa esencial para os nenos que se ven obrigados a afrontar unha situación de afastamento dos seus pais”
- ▶ Subliña o investimento de “case 3,5 millóns de euros ao acollemento nos orzamentos para 2016” así como a ampliación da partida da Xunta nos convenios con Cruz Vermella (330.000 euros) e Aldeas Infantiles (151.000 euros)
- ▶ Apunta que “dos case 2.000 menores tutelados ou en garda da Xunta, preto do 53% atópanse en acollemento familiar” e, dentro deles, o 87% en familia extensa, “o recurso máis idóneo porque mantén aos menores no seu entorno”.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2015.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, inaugurou a xuntanza de familias acolledoras celebrada na Cidade da Cultura de Galicia e que contou coa participación de 150 adultos e 107 nenos. Alí, asegurou que a Xunta de Galicia “traballará sen descanso para que todos os nenos teñan familia, pero tamén para que todas as familias que así o desexen teñan nenos”. “Que Galicia sexa o mellor lugar para ser neno ou nena ten que ir intimamente ligado a que Galicia sexa o mellor lugar para formar unha familia”, abundou.

No transcurso da xornada na que tamén participaron a directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Amparo González, así como representantes de Cruz Vermella de Galicia e de Aldeas Infantiles SOS Galicia, o responsable da carteira social da Xunta salientou o acollemento como “unha das prioridades da Consellería de Política Social” por ser “unha alternativa esencial para os nenos que se ven obrigados a afrontar unha situación de afastamento dos seus pais”. Nesta liña subliñou o investimento de “case 3,5 millóns de euros ao acollemento nos orzamentos para 2016” así como a ampliación da partida da Xunta de Galicia nos convenios con Cruz

Vermella e Aldeas Infantiles ata os 330.000 euros e 151.000 euros, respectivamente.

Coincidindo coa celebración na xornada de onte do Día Universal do Neno, o titular de Política Social acreditou que a Xunta de Galicia cumpre estritamente coa Declaración dos Dereitos do Neno da ONU. Así, lembrou que a Lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia protexe e favorece a permanencia do neno nunha familia, dando prioridade ao acollemento sobre o internamento residencial.

Deste xeito, dixo o conselleiro, “dos case 2.000 menores tutelados ou en garda da Xunta de Galicia, preto do 53% atópanse en acollemento familiar”. Entre deles, o 87% están acollidos en familia extensa, “o recurso máis idóneo porque mantén aos menores no seu entorno socioeducativo e emocional”, engadiu.

Rey Varela comezou e rematou o seu relatorio agradecendo ás familias acolledoras a súa “solidariedade, altruismo e xenerosidade” e valorou a súa axuda para chegar “canto antes” ao obxectivo dunha Galicia “con máis nenos e máis familias”.

Xuntanza familias acolledoras

A Cidade da Cultura de Galicia acolleu desde esta mañá e durante todo o día a xuntanza de familias acolledoras que conta



O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, inaugurou a xuntanza de familias acolledoras celebrada na Cidade da Cultura de Galicia
Autor: Conchi Paz

cun extenso programa de actividades para todos os membros das familias.

Durante toda a mañá e tras a inauguración oficial do encontro, levouse a cabo a mesa redonda titulada ‘Intercambio de experiencias: retos e expectativas no acollemento familiar’ para continuar cun intercambio de experiencias de acollemento familiar. A xornada contou, asemade, cun Punto de Información e intereses compartidos para as familias onde as familias poden consultar as súas dúbidas e reflexionar sobre o acollemento; así como

un Punto de recepción de suxestións, onde os distintos axentes de acollemento poden mostrar as súas queixas e outorgar os seus parabéns.

Para os máis pequenos, o programa conta con obradoiros organizados en seis áreas temáticas: zona de ciencias, zona musical, zona de maquillaxe e teatro, zona de xogos tradicionais, zona de globoflexia ou papiroflexia e zona de reciclaxe. Os rapaces asistentes tamén participaron nun concurso musical, un contacontos musical e unha bebeteca para nenos de 0 a 3 anos.

<http://familiasacolledoras.cruzvermella.org/>



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO DÍA DOS DEREITOS DO NENO 2015

O 20 de novembro de 2015 cúmprense 26 anos desde que as Nacións Unidas aprobaran a Convención Sobre os Dereitos do Neno.


Os nenos e nenas serán os adultos de mañá, polo que constitúen a base esencial para acadar unha sociedade máis cohesionada e igualitaria, de aí a importancia de garantir o seu crecemento e desenvolvemento físico, mental, espiritual, moral e social.

A atención, promoción e defensa dos dereitos dos nenos e nenas son unha prioridade para o Goberno galego a través dun conxunto de medidas a desenvolver nos vindeiros anos, co único obxectivo de mellorar a calidade de vida das nenas e nenos, adolescentes galegos e as súas familias.

A través desta declaración o Goberno galego comprométese a velar polos dereitos das nenas

e nenos, a involucrarse activamente con eles e a continuar traballando na implementación de políticas dirixidas á poboación infantil e adolescente na nosa comunidade.

<http://www.un.org/es/events/childrenday/>



A Xunta fará compatible a consideración de familia numerosa con outros descontos incluídos no prezos públicos das residencias de tempo libre

A Coruña, 16 de novembro de 2015.- A Xunta de Galicia modificará o decreto que regula os prezos de residencias de tempo libre para que o desconto de familias numerosas sexa compatible con outros que tamén se recollen no mesmo. Deste xeito as familias que teñan esta consideración, ademais do desconto do 30% que xa teñen sobre o prezo final resultante da estancia, tamén se poderán beneficiar doutros descontos que a día de hoxe son incompatibles, como por exemplo: a exención de pago por nenos/as menores de 2 anos que non utilicen os servizos de comedor ou durman nas habitacións dos seus responsables; o 50% de desconto do importe da estancia para nenos/as entre 2 e 12 anos; o 10% de rebaxa por persoa con discapacidade ou o 10% de desconto que tamén se aplica ás persoas maiores de 60 anos, entre outros.

Este é un dos compromisos da Consellería de Política Social para seguir apoiando ás familias numerosas. Precisamente, o responsable desta carteira autonómica, José Manuel Rey Varela, mantivo hoxe unha reunión co equipo directivo da Asociación Galega de Familias Numerosas (AGAFAN) na súa sede da Coruña, e na que tamén participou a directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Amparo

González Méndez. Neste encontro, deu conta da recente resolución das peticións de axudas económicas do programa “Montaña en Familia” para estadias de fin de semana na estación de Manzaneda, das que se beneficiaron 65 familias o que supón un total de 163 adultos e 152 menores. O importe global desta axuda ascende a 20.000 euros e consiste en 35 euros por persoa e estadía de fin de semana para nenos e nenas maiores de 12 anos e adultos; en en 37,5 euros para os menores de 12 anos.

Así mesmo, a xuntanza serviu para que Rey Varela informara á entidade sobre as novas medidas de impulso e revitalización demográfica que o Goberno galego ten presupostadas e porá en marcha o vindeiro ano, dentro dun programa integral de apoio á familia, á infancia e á conciliación. Ao respecto, estudáronse posibles vías de colaboración entre a Consellería e AGAFAN en próximas campañas de difusión. En relación ás liñas de actuación de Política Social neste ámbito, destacou que os pais e nais que teñan un fillo ou filla a partir do 1 de xaneiro de 2016 recibirán unha axuda directa de 100 euros mensuais. A orde que rexerá a concesión desta axuda terá en conta a renda per cápita, co obxectivo de favorecer a un maior número de familias, e dará prioridade

- ▶ José Manuel Rey Varela deu conta das resolucións de axudas do programa “Montaña en Familia” para estadias de fin de semana na estación de Manzaneda. En total beneficiáranse 65 familias, o que supón 163 adultos e 152 menores
- ▶ O titular de Política Social tamén abordou coa directiva de AGAFAN o novo impulso que o Goberno galego dará o vindeiro ano á familia, infancia e conciliación con medidas como as axudas directas aos pais e nais por nacemento ou a ampliación do bono conciliación.

ás monoparentais e monomarentais. Outra medida á que se referiu o conselleiro foi a ampliación do bono conciliación, que permitirá incorporar 1.400 novas prazas de escolas infantís sustentadas con fondos públicos.

Plan galego de apoio ás familias numerosas

Estas novas liñas de actuación no ámbito da familia e da infancia complementan as medidas e instrumentos cos que conta a administración autonómica para

atender dun xeito personalizado e integral ás familias, e que xa están planificadas e en desenvolvemento. Este é o caso do Plan de Dinamización da Demografía de Galicia ou da primeira Estratexia de Apoio para as Familias Numerosas de Galicia, aprobada en 2013 e co seu horizonte posto en 2020, que contempla ao redor de 50 medidas con diversos beneficios dirixidas ás máis de 19.000 familias que ostentan esa condición na Comunidade Autónoma.

<http://www.agafan.net/>



A Xunta reforzará en 2016 os programas de atención a menores en risco ou situación de desprotección e conflito social

- Rey Varela indicou que para o Goberno galego "é unha prioridade realizar unha atención integral a toda a infancia e, de xeito particular, aos menores que sofren unha situación de desprotección ou conflito social"
- Na actualidade un total de 3.760 menores de idade teñen en Galicia expediente de protección, dos que 1.464 están baixo a tutela pública e 405 están executando algunha medida xudicial
- O departamento autonómico de Política Social incrementará o vindeiro ano nun 10% a contía do Programa de intervención familiar ata chegar aos 418.000 euros. Un total de 200 familias e 365 menores beneficiáanse deste programa que ten por obxecto evitar a separación familiar e o previsible internamento dos menores en risco de desprotección; e no caso daqueles que xa foron separados do seu núcleo familiar acadar a integración
- Así mesmo, outros 486 adolescentes con idades comprendidas entre os 16 e os 21 anos beneficiáronse no que levamos de ano das iniciativas do Programa Mentor. Destes, un total de 149 asinaron contratos laborais
- A liña telefónica gratuita de axuda á infancia 116 111 atendeu durante o ano pasado un total de 1.275 chamadas



O consejero de Política Social, José Manuel Rey Varela, informou hoxe no Parlamento sobre as medidas de prevención e protección de menores
Autor: Conchi Paz

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2015.-

A Xunta de Galicia reforzará o vindeiro ano 2016 a atención de persoas menores en situación de desprotección, en execución de medidas xudiciais ou de internamento; destinando máis recursos a intervencións dirixidas a previr e a protexer situacións de maltrato ou desprotección, como o Programa de intervención familiar. Así o sinalou o consejero de Política Social, José Manuel Rey Varela, durante unha comparecencia en sede parlamentaria na que abordou a atención aos menores afectados por medidas xudiciais ou en situación de risco de desprotección.

Na actualidade 3.760 menores de idade teñen en Galicia expediente de protección, dos que 1.464 están baixo a tutela pública e 405 están executando algunha medida xudicial. Rey Varela explicou que para o Goberno galego "é unha prioridade realizar unha atención integral a toda a infancia e, de xeito particular, aos menores que sofren unha situación de desprotección ou conflito social". Ao respecto, o consejero referiuse á rede de centros para o acollemento

residencial de aqueles menores que, por distintas circunstancias sociofamiliares, necesitan ser separados temporalmente do seu núcleo familiar e para os que non é viable a utilización doutro recurso. A Consellería conta con 4 centros xestionados con medios propios –Concepción Arenal na Coruña; Monteleido e Montefiz en Ourense; e Avelino Montero en Pontevedra- e outros 70 cuxa xestión está concertada con entidades de iniciativa social, que suman un total de 1.185 prazas.

Na súa intervención, Rey Varela deu conta dalgunha das iniciativas dirixidas aos nenos, nenas e adolescentes en situación de conflito social, risco ou desamparo que ten en marcha a Consellería de Política Social e que se reforzarán en 2016. Un deles é o Programa de intervención familiar (PIF), que atende anualmente a 200 familias e 365 menores, e cuxa partida nos orzamentos de 2016 aumenta nun 10% con respecto a este ano ata chegar aos 418.000 euros. O PIF, mediante unha intervención educativa, familiar, terapéutica e asistencial nos núcleos familiares, ten un dobre obxectivo: acadar a integración familiar de menores

que foron separados das súas familias por atoparse en situación de desprotección e evitar a separación familiar e o previsible internamento dos menores que ofrecen evidentes indicadores de risco de desprotección. Así mesmo, refórzase o programa de avaliación e tratamento terapéutico incrementando a súa contía a máis de 137.000 euros –fronte os 120.000 euros que se destinaron entre os anos 2012 e 2014- para atender 165 casos.

Programas socioeducativos, laborais e de apoio terapéutico

O consejero tamén salientou os 321 menores que se benefician dos programas socioeducativos da Consellería, que teñen un custo de 161.000 euros anuais e fixo especial fincapé no programa Mentor. Este último está centrado en catro liñas de actuación dirixidas a menores entre 16 e 21 anos: formación, inclusión social, educación e desenvolvemento persoal. O investimento neste programa, considerada boa práctica en Europa e que se cofinancia con Fondos Sociais Europeos (FSE), é de 1,7 millóns de euros ao ano. No ano 2015 beneficiáronse del

486 mozos e mozas, dos que 149 asinaron contratos laborais.

Outro dos recursos para os menores en risco de desprotección son os Puntos de encontro familiar (PEF), que teñen por obxecto favorecer as relacións entre estes e as súas familias cando nunha situación de separación, divorcio ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio de dereito de visitas se ve interrompido ou resulta difícil ou confuso o seu cumprimento. En 2014 a rede dos sete PEF (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Pontevedra, Vigo e Ourense) atendeu un total de 992 casos, realizando 27.553 intercambios, 3.034 visitas tuteladas e 4.446 visitas supervisadas. Do total dos 992 expedientes, 286 son por violencia de xénero.

Liña telefónica gratuita de atención á infancia

Na comparecencia no Parlamento de Galicia, o responsable do departamento de Política Social tamén deu conta dos programas da Xunta de Galicia dirixidos á prevención e protección fronte ao maltrato infantil. Cada ano ábrese nos servizos especializados de protección de menores

en Galicia máis de 1.000 expedientes por desprotección infantil, dos cales os motivados por sospeitas de maltrato físico son unha pequena porcentaxe sobre o total, aproximadamente o 8%.

Así, entre os recursos de detección dos posibles casos de desprotección Rey Varela sinalou os equipos técnicos do menor (ETM), a liña telefónica de axuda á infancia 116 111 –que é gratuita, funciona todo o ano as 24 horas do día e durante o ano pasado atendeu 1.275 chamadas- e o Rexistro Unificado de Maltrato Infantil (RUMI) –dispositivo de notificación á disposición de profesionais do ámbito educativo e policial ao que se accede a través dunha páxina web para denunciar sospeitas de malos tratos e que en 2014 recibiu 15 notificacións-

Acollemento e adopcións

Por outra banda, Rey Varela informou sobre medidas de acollemento, detallando que ao longo deste ano un total de 1.022 menores estiveron acollidos. Deles o 87% –un total de 891 nenos e nenas- conviviron coas súas familias extensas (avós, tíos, irmáns...) e o 13% restante foron acollidos por familias alleas (cando non existe parentesco).


O custo deste programa ten dous compoñentes: por unha banda, a remuneración directa ás familias acolledoras –estimada en 3 millóns de euros-; por outra, a captación, selección, formación e apoio ás familias alleas. A este último aspecto, a Consellería destinará 330.000 euros en 2016, o que supón un 10% máis que este

ano 2015. A esta cantidade hai que engadir outros 151.000 euros que o departamento de Política Social investirá en formación e apoio ao acollemento en familia extensa.

Por último, e no que atinxe aos

datos de adopción, en 2014 constituíronse un total de 33 adopcións nacionais e 72 internacionais. Así mesmo, no primeiro semestre deste ano formalizáronse 29 adopcións nacionais e 44 internacionais.

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Execucion_medidas_xudiciais_2014.pdf



O presidente da Xunta anuncia a concesión de 1.822 novas libranzas para coidados na contorna familiar para reforzar o sistema de atención á dependencia de Galicia

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2015.-

O Consello da Xunta aprobou que se concedan 1.822 novas libranzas para coidados na contorna familiar, o que reforza o sistema galego de atención á dependencia. O seu presidente, Alberto Núñez Feijóo, enmarcou esta medida dentro do esforzo que está a facer o Goberno galego "para atender as persoas máis vulnerables", entre as que están as persoas con dependencia e as súas familias. Así, nos orzamentos de 2016 consígnanse á atención á dependencia máis de 324 millóns de euros, 26 millóns máis que nos de 2015.

O orzamento para esta medida é de 9,65 millóns de euros dos que a inmensa maioría, 9,47 millóns, son pagamentos correspondentes aos meses nos que estas persoas tiñan dereito a libranzas, pero aínda non lles foran concedidas.

O presidente da Xunta repasou o proceso de modernización que está a vivir en Galicia a atención á dependencia, con fitos como a entrada en vigor, en 2013, da carteira de servizos á dependencia, que permitiu flexibilizar os servizos que se ofrecen, abrir os centros ás persoas que non sexan usuarios do seu servizo de residencia asistencial e ofrecerlle a cada usuario un repertorio de servizos á súa medida.

Esta modernización veu ligada a unha progresiva profesionalización dos servizos de atención á dependencia. Mentres que no 2009, menos do 42% dos dependentes con prestación recibían atención por parte dun profesional, a día 31 de outubro de 2015 esta porcentaxe elevábase ao 76%, 35 puntos porcentuais máis.

Neste momento, o número de dependentes con prestación supera os 40.000, entre as máis de 9.500 persoas que teñen unha

- Destinaranse a esta medida 9,6 millóns de euros
- Nos orzamentos de 2016 consígnanse á atención á dependencia máis de 324 millóns de euros, 26 millóns máis que nos de 2015
- Os 40.000 dependentes que hoxe reciben prestación ascenderán en 2016 a 50.000.

praza pública ou concertada nunha residencia, centro de día ou centro de alzhéimer e as que reciben atención polo sistema de libranzas ou outros sistemas. De cara ao ano próximo, esta cifra

subirá ata 50.000. "Isto significa que, o ano que vén, 3 de cada 4 persoas con dependencia recibirán uns servizos da máxima calidade para afrontar a súa situación", concluíu Feijóo.

<http://www.xunta.es/consellos-de-goberno>



A Xunta aproba a Estratexia de Discapacidade 2015-2020, que consigna 800 M€ para afondar na atención social, laboral e sanitaria das persoas con discapacidade

- ▶ Destaca que se porán en marcha liñas de axuda aos concellos para mellorar a accesibilidade dos recursos turísticos, e que se acometerán actuacións de mellora da accesibilidade nas infraestruturas portuarias
- ▶ A estratexia recolle a aprobación da carteira de servizos para a atención a persoas con discapacidade autónoma, de xeito que se organice conforme a prestacións e non a centros; e o establecemento de axudas individuais para a adquisición de servizos de promoción da autonomía persoal, e de servizos complementarios de asistencia
- ▶ Prevén, tamén, a ampliación da taxa de cobertura do Servizo de Axuda no Fogar; ou a mellora dos prazos de tramitación e a simplificación dos procedementos de solicitude e valoración para servizos e prestacións
- ▶ Salienta que se deseñarán programas de asesoramento e orientación académica e profesional, e se elaborará un catálogo de postos de traballo para persoas con discapacidade no eido do emprego público
- ▶ Ademais, sinala que se activarán axudas que complementen as xa existentes en materia de transporte, e medidas que favorezan o tránsito dos traballadores con discapacidade desde o centro especial de emprego ao posto de traballo
- ▶ Resalta a implantación dun sistema tecnolóxico de información do sistema de transportes de Galicia (Sistema de axuda á explotación da mobilidade-SAE Galicia), que ofrezca información en tempo real da oferta de transporte
- ▶ Di que o documento busca garantir unha axeitada atención psicolóxica dirixida ás mulleres e homes con discapacidade e ás súas familias.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2015.-

O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, asegurou que a Estratexia de discapacidade 2015-2020, aprobada polo Consello da Xunta, consigna 800 millóns de euros para a posta en marcha de 480 actuacións coas que afondar na atención social, laboral e sanitaria que reciben as persoas que padecen algún tipo de discapacidade.

Segundo dixo na rolda de prensa posterior á xuntanza semanal do Executivo autonómico, este documento é froito da participación e o consenso, posto que recolle os traballos realizados nos últimos meses en colaboración permanente coa totalidade das entidades do ámbito da discapacidade que se integran en CERMI-Galicia.

A estratexia, indicou, recolle seis eixos de acción prioritarios. O primeiro deles, a accesibilidade, coa finalidade de asegurar a accesibilidade universal das

persoas con discapacidade aos contornos físico, social, económico, político e cultural. O segundo, a autonomía persoal, xerando as condicións favorables para unha participación autónoma en todos os ámbitos.

En terceiro lugar, outro dos eixos é a educación, coa meta de promover unha educación e unha aprendizaxe permanente para as persoas con discapacidade en igualdade de condicións que o resto da poboación. Tamén o eixo da formación e o emprego, pretende facilitar o emprego e a empregabilidade das persoas con discapacidade e apoialas para a busca, obtención, e mantemento do seu posto de traballo.

En quinto lugar, citou como outra liña de acción a saúde, coa misión de acadar unha asistencia sanitaria integral en igualdade de condicións que o resto da poboación atendendo as necesidades específicas de cada persoa con discapacidade. E, por último, os servizos sociais, coa



Alberto Núñez Feijóo durante a rolda de prensa do Consello
Autor: Xoán Crespo

vontade de lograr que o conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións do sistema de servizos sociais dea resposta ás necesidades das persoas con discapacidade e o seu contorno.

Unha estratexia continuísta e innovadora

Feijóo sinalou que con estes obxectivos, a estratexia formula unha serie de novas medidas, ademais dalgunhas que se puxeron en marcha na planificación anterior (2010-2013). Así, destacou que se porán en marcha liñas de axuda aos concellos para mellorar a accesibilidade dos recursos turísticos. Tamén que se desenvolverán actuacións de mellora da accesibilidade nas infraestruturas portuarias.

Por outra banda, referiuse á implantación dun sistema tecnolóxico de información do sistema de transportes de Galicia (Sistema de axuda á explotación da mobilidade-SAE Galicia), que ofrezca información en tempo real da oferta de transporte, co requirimento de adaptabilidade no desenvolvemento deste sistema.

Feijóo salientou como outra medida destacable a aprobación da carteira de servizos para a

atención a persoas con discapacidade autónoma, de xeito que se organice en base a prestacións e non a infraestruturas. E, na mesma liña, o establecemento de axudas individuais para a adquisición de servizos de promoción da autonomía persoal, e de servizos complementarios de asistencia persoal a persoas con discapacidade.

A estratexia recolle tamén o deseño de programas de asesoramento e orientación académica e profesional para os procesos de tránsito entre etapas educativas que proporcionen solucións adaptadas ao alumnado con necesidades de apoio educativo. E a elaboración dun catálogo de postos de traballo para persoas con discapacidade no eido do emprego público.

Ademais, porase en marcha unha liña de axudas que complementen as xa existentes en materia de transporte, no caso de gastos xerados polo desprazamento ao posto de traballo; e promoveranse medidas que favorezan o tránsito dos traballadores con discapacidade desde o centro especial de emprego cara ao mercado ordinario.

Entre outras das medidas máis salientables, destaca tamén

a garantía dunha axeitada atención psicolóxica dirixida ás mulleres e homes con discapacidade e ás súas familias; un programa de adaptación da rede de centros da Administración autonómica para que sexan totalmente accesibles; a ampliación da taxa de cobertura do Servizo de Axuda no Fogar, coa consideración do envellecemento temperán da poboación con discapacidade como un dos criterios de ponderación na asignación de horas aos concellos; ou a mellora dos prazos de tramitación e a simplificación dos procedementos de solicitude e valoración para servizos e prestacións.

Feijóo asegurou que a Xunta contou co sector para a

elaboración desta estratexia e agora continuará traballando con el nesta segunda fase para aplicar as medidas incluídas nesta planificación.

Un colectivo de atención prioritaria para o Goberno galego

O mandatario galego salientou o compromiso da Xunta coas persoas que padecen algunha discapacidade e, ao respecto, asegurou que a partida que recollen os orzamentos de 2016 para este colectivo medra un 11%. Tamén indicou que as prazas públicas destinadas para elas subiron un 20% máis que hai seis anos. E mencionou os convenios asinados pola Administración

autonómica para o traslado dos nenos e nenas con discapacidade; ou os novos programas de axudas con financiamento europeo dirixidas á supresión de barreiras en infraestruturas sociais e espazos públicos.

Segundo dixo, de acordo cos datos do censo de 2014, hai en Galicia un total de 214.248 persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% e, delas, aproximadamente o 45% están en idade laboral.

http://benestar.xunta.es/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Plans_e_programas/ESTRATEGIA_GALEGA_SOBRE_DISCAPACIDAD_2015_2020.pdf

Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020

A Xunta e Agasfra poñen en marcha un programa piloto para a prevención do envellecemento prematuro das persoas con discapacidade intelectual

Vigo, 17 de novembro de 2015.-

O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, e o presidente da Asociación Galega de San Francisco (AGASFRA), Eladio Fernández Pérez, asinaron hoxe un convenio de colaboración para a posta en marcha dun programa piloto dirixido á prevención e atención do envellecemento prematuro das persoas con discapacidade intelectual no centro ocupacional que esta entidade ten en Vigo. A sinatura deste acordo, cuxa contía ascende a un total de 341.856 euros e o seu prazo de vixencia é dun ano, tivo lugar esta tarde coincidindo cunha visita do titular de Política Social ás instalacións de AGASFRA, durante a que aproveitou para reunirse con usuarios e familiares das mesmas.

Rey Varela sinalou que este acordo é froito das oportunidades de diálogo e a colaboración que dende o primeiro día tivo cos responsables de AGASFRA para “buscar solucións onde había problemas”. Nesta liña, dixo que coa

firma deste convenio “soluciónase un tema que era imprescindible de resolver coa cidade de Vigo e coas persoas que máis necesitan nesta cidade”, xa que “permite á entidade recuperar a normalidade e a tranquilidade”. Ademais, o conselleiro recoñeceu o labor desta asociación, unha das máis senlleiras de Galicia, que nestes momentos atende a 67 familias.

O programa piloto do que é obxecto o convenio asinado esta tarde consiste na avaliación periódica de aspectos propios do envellecemento, mediante o seguimento das diferentes actividades postas en marcha pola entidade no seu centro e a súa efectividade para evitar ou frear a aparición de síntomas de envellecemento. Neste sentido, cómpre sinalar que case a metade da poboación que asiste ao centro ocupacional de AGASFRA sitúase no rango de idade adecuado para a prevención –entre os 40 e os 50 anos- mentres que un 32% supera xa esa barreira –maiores de 50 anos-. Este proxecto

- ▶ O programa ten como obxectivo a avaliación periódica de aspectos propios do envellecemento, mediante o seguimento das diferentes actividades que se desenvolven no centro ocupacional de AGASFRA e a súa efectividade para evitar ou frear síntomas de envellecemento
- ▶ Rey Varela salientou o traballo que realiza a Asociación Galega San Francisco, que atende nestes momentos a 67 familias, ao tempo que sinalou que o acordo asinado permite á entidade viguesa “recuperar a normalidade e a tranquilidade”. O montante do acordo de colaboración entre a Consellería de Política Social e AGASFRA ascende a un total de 341.856 euros e ten un ano de vixencia
- ▶ O conselleiro aproveitou o acto de sinatura deste convenio para entrevistarse con usuarios e familiares do centro ocupacional de AGASFRA en Vigo.

piloto complementará outros que a entidade está a desenvolver e que se centran no benestar físico e emocional dos usuarios do centro, no seu desenvolvemento persoal e na súa inclusión, na

autodeterminación destas persoas para que poidan exercer o seu dereito a decidir en aspectos da súa vida diaria, nas relacións interpersoais, na formación e o apoio a familias.

<https://www.facebook.com/agasfra/>



A directora xeral de Xuventude presenta o VII EMAX como un espazo para compartir os diferentes programas en materia xuvenil que se realizan en Galicia e no norte de Portugal

- Cecilia Vázquez definiu o EMAX como o "lugar de encontro para que os mozos compartan as súas experiencias, dialoguen sobre as súas esperanzas e poñan en valor as boas prácticas en proxectos de asociacionismo e participación xuvenil"
- O encontro contará coa participación de máis de 400 persoas e 32 entidades xuvenís.

Padrón (A Coruña), 25 de novembro de 2015.-

A directora xeral Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, presentou o programa do VII Encontro mostra asociativa Xuvenil Galicia-Norte de Portugal (EMAX), que terá lugar o vindeiro sábado 28 de novembro na vila padronesa e no que participarán máis de 400 persoas, na maior parte mozos e mozas galegos e portugueses, así como 32 asociacións e entidades xuvenís. Cecilia Vázquez asegurou que o EMAX servirá para "compartir e divulgar os diferentes modelos, programas e en materia de participación xuvenil, que se realizan tanto en Galicia como no Norte de Portugal".

Nas súas verbas, a directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado identificou a sétima edición da EMAX como o "lugar de encontro para que os mozos compartan as súas experiencias, dialoguen sobre as súas esperanzas e poñan en valor as boas prácticas en proxectos de asociacionismo e participación xuvenil". Do mesmo xeito, Cecilia Vázquez destacou estes procesos asociativos e iniciativas xuvenís como programas de educación non formal a través dos que a mocidade "adquire unha serie de aptitudes altamente valoradas".

Asemade, a directora xeral apuntou que "as políticas máis modernas e innovadoras en materia de Xuventude en toda

<http://xuventude.xunta.es/2015110517214/vii-emax-encontro-mostra-asociativa-xuvenil-galicia-norte-de-portugal.html>

emax

VII Encontro Mostra Asociativa Xuvenil Galicia Norte de Portugal

Europa teñen como nexa a educación non formal como medio para mellorar as competencias curriculares dos mozos e mozas".

VII EMAX

O programa do VII Encontro mostra asociativa Xuvenil Galicia-Norte de Portugal (EMAX) componse de mesas redondas, conferencias e paneis de experiencia, onde o máis importante vai ser a propia participación dos asistentes. Deste xeito, crearase un espazo de aprendizaxe para compartir experiencias asociativas e amosar publicamente o traballo desenvolvido polas asociacións

xuvenís e grupos informais de mozos e mozas en distintas áreas de actuación.

O obxectivo é o de crear un espazo de reflexión acerca da importancia da educación non formal, da participación e compromiso dos mozos e mozas, tanto a nivel individual como a través de grupos informais e asociacións, divulgando experiencias e estimulando o espírito de iniciativa dos participantes.

O EMAX porá a disposición de cada entidade xuvenil un espazo para a exposición de ideas, actividades e proxectos, con zona de expositores dos diferentes colectivos participantes.

<http://xuventude.xunta.es/>



Política Social abre o prazo de inscrición para a sétima edición do Parlamento Xove, un programa que fomenta entre a mocidade o diálogo para argumentar ideas propias

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2015.-

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, vén de abrir o prazo de inscrición para a sétima edición do Parlamento Xove, un programa de debate que ten por obxecto fomentar entre a mocidade o diálogo como ferramenta para argumentar razoadamente as ideas propias. No Parlamento Xove poderán participar un total de 48 equipos de 3º e 4º de educación secundaria obrigatoria e de 1º e 2º de bacharelato dos centros educativos galegos. Os equipos estarán formados por catro alumnos e un profesor, que será o coordinador.

O Parlamento Xove é unha competición na que os diversos equipos inscritos investigarán, escribirán e debaterán sobre un tema formulado pola organización. O programa realizarase en dúas fases, unha primeira clasificatoria da que xurdirán oito equipos gañadores, que se

enfrentarán nunha segunda fase final. Paralelamente, os equipos deberán entregar un dossier de investigación, que contará cun premio especial ao mellor documento. Con carácter previo ao inicio da fase clasificatoria desenvolveranse unhas xornadas de formación. A dificultade da actividade está en que só cinco minutos antes de cada encontro dialéctico procederase ao sorteo da postura que adoptará por cada equipo, 'a favor' ou 'en contra', en relación á cuestión formulada.

Parlamento Xove nace dun modelo participativo que permite aos mozos e mozas desenvolver a capacidade de levar a cabo diálogos respectuosos e produtivos e permítelles medrar no emprego de ferramentas democráticas. Os mozos realizan debates de carácter argumentativo que permiten a discusión sobre o tema proposto no que gañarán, non os equipos que necesariamente teñan a razón, senón os que mellor sustenten as súas ideas.

- Poderán participar un total de 48 equipos de 3º e 4º de Educación Secundaria Obrigatoria e de 1º e 2º de Bacharelato dos centros educativos galegos, conformados por catro alumnos e un profesor, que será o coordinador
- Durante o transcurso destes debates dialécticos, os mozos desenvolven valores como a capacidade de selección de información, a expresión escrita e oral, a orixinalidade, a argumentación razoada, o traballo en equipo ou a convivencia.

Durante o transcurso destes debates dialécticos, os mozos desenvolven valores como a capacidade de selección de información, a expresión escrita e oral, a orixinalidade,

o traballo en equipo ou a convivencia. O Parlamento Xove tamén fomenta a toma de conciencia no comportamento democrático e o respecto polas ideas dos demais.


<http://www.parlamentoxove.com/>



<http://www.voluntariadogalego.org/web/>



Catálogo de publicacións na web





X Juventude
 10.05. Novembro 2011
onovas




Polas súas formas conocerédelos

Iniciativa Xove apoiada polo valor do idioma, co apoio das escolas e do Concello de Santiago de Compostela



'Emprende'
 empuza a novas
 empresas de
 Galicia e Portugal!



Good Habits
 plan
 de hábitos
 fundamentais



Leitura Contínua
 Premio X. Novas
 de 1.000 euros
 iniciada en Xovenet







Xuventude Novas

Boletín de periodicidade mensual que recolle as novas máis salientables no ámbito da xuventude.

- Acceso:
- http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/XuventudeNovas_N65_Outubro2015.pdf

Plan galego das persoas maiores, 2010-2013. Horizonte 2015. Informe de seguimento 2014

Publicación electrónica en liña do informe de seguimento do Plan galego de persoas maiores 2010-2013, Horizonte 2015, que dá conta das actuacións implantadas polo Goberno galego en resposta á programación correspondente ao ano 2014. Este plan ten como principal finalidade lograr un meirande recoñecemento social das persoas maiores, a súa protección e a mellora dos seus recursos asistenciais.

- Acceso:
- [ult/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Plan_galego_persoas_Informe_seguimento_2014.pdf](#)



Riesgo químico en peluquerías

Documento sobre a importancia do risco químico nos salões de peiteado, no que se indican os danos para a saúde (pel, sistema respiratorio etc.), os axentes químicos máis frecuentes, a etiquetaxe dos cosméticos e as medidas preventivas que se deben atender para evitar estes riscos.

- Acceso:
- http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/riesgo_peluqueras.pdf

Manual do alumno: Curso de prevención de trastornos musculoesqueléticos para traballadores do sector da conserva de atún

Manual formativo divulgativo das medidas básicas para a prevención dos trastornos musculoesqueléticos (TME) entre os traballadores e traballadoras do sector da conserva de atún. Achega ademais as claves da prevención íntegra de todos os axentes implicados.

- Acceso:
- http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Man_Alum_Conserva_Atun_Traballadores_6.pdf

**GUÍA
RSE**
para el
sector de la
construcción

**GUÍA
RSE**
para el
sector de la
construcción

Guía sectorial de buenas prácticas para la
implantación de actuaciones en materia de RSE
en las empresas del sector de la construcción de Galicia

Guía sectorial de boas prácticas para a implantación de actuacións en materia de RSE en empresas do sector da construción de Galicia.

Publicacións editadas ou de próxima aparición:

- | | | |
|--|--|--|
